

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA O DÍA 17 DE MARZO DE 2017 ÁS 20:10 HORAS NO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17 DE VIGO.

Asistentes

Presidente

D. Xosé Henrique Freixeiro

Directivos presentes

D^a. María Luísa Martínez Bello

D^a. Henar de Diego de Diego

D. Raúl Leirós Gutiérrez

D. Antonio Paredes Chapela

D. Eduardo Barrosa Picón

D. Ángel González Iglesias

D. J. Carlos Senovilla Sanz

D. José Miguel Merino Encinas

Socios con dereito a voto

Xosé Lois Freixeiro López

Antonio González Fernández

Fernando Cerqueira Alonso

Manuel Fco. Granada Otero

José Manuel Vázquez González

Miguel Ángel Zamora Romero

Elena Acevedo Rolán

Rubén Alonso Pérez

Maribel Iglesias Martín

Alberto Otero Rodríguez

Alejandra Estévez Rodríguez

M^a Dolores Román Villar

Manuel Martínez Núñez

Manuel Antonio Antomil Braña

Ana María Diéguez Veloso

Cristina Pérez Diego

M^a Magdalena García Lago

María Teresa Cameselle Rodríguez

Emilio J. González Cerdán

José Do Pazo Díaz

Dionisio Soto Amil

Socios menores de idade

Alexandre Freixeiro López

Iniciase a Asemblea Xeral Ordinaria, convocada polo Presidente a tal efecto.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da Acta anterior.
2. Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2016.
3. Resumo de actividades 2016 e proxecto 2017.
4. Axudas a deportistas.
5. Rogos e preguntas.

SESIÓN

Abre a sesión o Presidente dando lectura á orde do día. O Presidente escusa a ausencia da Secretaria D^a Begoña Landesa Torrado e informa que levantará acta a Vicepresidenta D^a María Luísa Martínez Bello.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da Acta anterior.

María Luísa Martínez lee a Acta anterior de 22 de xaneiro de 2016, que é aprobada por unanimidade.

O Presidente informa que con data 18 de abril de 2016, viuse obrigado a facer un cambio de Xunta Directiva por motivos alleos a Xistra, quedando a nova directiva estruturada do seguinte xeito:

X. Henrique Freixeiro	Presidente
Begoña Landesa	Secretaria
Henar de Diego	Tesoureira
María Luísa Martínez	Vicepresidenta
Raúl Leirós	Director Técnico
Cándido Costas	Vogal Actividades Infantís e Xuvenís
Antonio Paredes	Vogal Barrancos
Eduardo Barrosa	Vogal Marchas e Campamentos
Ángel González	Vogal Carreiras por Montaña
Felipe Martínez	Vogal Esquí de Montaña
J. Carlos Senovilla	Vogal
José Miguel Merino	Vogal

2.- Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2016.

O Presidente fai unha presentación multimedia sobre o contexto deportivo do club, centrado nun punto de vista contable, con datos correspondentes a 2016. Informa da redución de socios, pasando de 160 licenzas en 2015 a 119 licenzas en 2016.

Preséntase o Balance de Situación e a conta de Resultados a data 31 de decembro de 2016.

As contas reflicten un déficit anual de -8,66 € (menos oito euros con sesenta e seis céntimos), sendo o

saldo de tesouraría a fin de ano de 29.614,71 (vinte e nove mil seiscientos catorce euros con setenta e un céntimos), repartidos entre os 524,90 € (cincocentos vinte e catro euros con noventa céntimos) na caixa e 29.089,81 € (vinte e nove mil oitenta e nove euros con oitenta e un céntimos) en Abanca.

O Presidente fai unha explicación pormenorizada de tódalas partidas, das orixes de recursos e dos gastos onde foron aplicados. Faise especial mención á subvención percibida por acadar o Premio do Mellor Club Galego de Montañismo FGM no ano 2015.

Don Eduardo Barrosa Picón solicita información sobre dúas subvencións da FEDME que aparecen na conta de Perdas e Ganancias, por importe de 120 € e de 80 €. Infórmase que corresponden, respectivamente, a axudas da FGM para os asistentes ó Campamento Nacional da FEDME e á Marcha de Montañeiros Veteranos FEDME. Eses importes recibidos da FGM en 2016, eran de actividades realizadas en 2015. Figuran como ingreso e como gasto, xa que unha vez percibidas son entregadas ós deportistas beneficiarios. Don Eduardo Barrosa queda conforme coa resposta.

As contas anuais son aprobadas por unanimidade.

3.- Resumo de actividades 2016 e proxecto 2017.

Faise un resumo das actividades organizadas en 2016 e das que quedaron pendentes: organizáronse as actividades federativas do “I Día do Sendeirista de Galicia” no Rosal e do “Descenso de Barrancos FGM” no Gerés portugués. Tamén foi realizado o Trail Montes de Vigo. Non puido ser realizada por falta de inscritos a Carreira Vertical Ría de Vigo. O club participou en multitude de actividades do calendario federativo, en especial na Copa Galega de Andainas.

En actividades propias do club caben destacar as Peque Rutas e o III Open de Andainas de 25 km (que constou de 5 probas: Vigo, Fragoselo – Montes de Vigo, Gondomar, Pontedevea e Tui).

Con motivo de celebrarse o 25 aniversario do club, a cabalo de 2016 e 2017, foi realizada a primeira cea baile da entidade o sábado 12 de novembro de 2016, no Hotel Coia de Vigo. Durante o citado evento recibiron unha insignia de prata por cumpriren 25 anos ininterrompidos os seguintes socios: Henrique Freixeiro, Fabio Freixeiro, María Echevarría, Xosé Lois Freixeiro e Raúl Leirós.

Respecto ás actividades para 2017 infórmase de que o IV Open de Andainas será organizado por varias entidades, comprometéndose Xistra a colaborar na parte técnica de clasificacións en Guláns e no Barbanza, e correndo con toda a organización en Tui. Así mesmo o club ten comprometido coa Federación a organización do Descenso de Barrancos e a Marcha con Vivac. Ademais o club está potenciando as actividades infantís e as de media e alta montaña: primeiro mediante a tramitación de novas licenzas de infantís con importantes descontos económicos para realizar máis Peque Rutas, e segundo mediante a elaboración dun calendario con saídas invernais e a diversas serras galegas e noutras cordilleiras. Prevese a participación do club no Campamento FEDME e na Marcha de Veteranos FEDME.

Durante o ano 2017 cumpren 25 anos na entidade os socios María Teresa Cameselle e Ricardo Echevarría, os cales recibirán a insignia de prata do club.

4.- Axudas a deportistas.

Faise unha breve explicación do funcionamento do Baremo e das axudas concedidas ós federados de Xistra, por participación en diversos eventos deportivos no ano 2016. Exponse publicamente na Asemblea o cadro de puntuacións dos 119 socios, información dispoñible anteriormente no taboleiro do club. Os socios que acadaron a puntuación mínima foron 42 federados que percibirán axudas de entre 15 e 75 euros, acadando o importe adicado a este concepto un total de 1.665'00 € (mil seiscientos sesenta e cinco euros) a pagar en 2017.

Infórmase de que o sistema actual de axudas de Xistra pode estar en perigo para próximos anos en caso de que prosperen certas iniciativas doutros clubs da FGM que propugnan a desaparición de axudas por baremo federativo, co conseguinte descenso de ingresos da nosa entidade.

5.- Rogos e preguntas.

Don Eduardo Barrosa Picón prega que os directivos do club e os participantes utilicen o equipamento oficial do club (camisetas principalmente) nas actividades federativas e da sociedade deportiva.

O Presidente solicita ós socios que, para facilitar a xestión do baremo e a elaboración das memorias deportivas, informen debidamente ó club cando participen en actividades federativas e cursos da FGM. Para este fin, indica que é preferible que as inscricións sexan realizadas a través da propia entidade e non directamente na Federación.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:30 horas procédese a levantar a reunión do que dá fe a Vicepresidenta co visto e praxe do Presidente.

Dá fe
María Luísa Martínez Bello
Vicepresidenta

Co Visto e Praxe
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Presidente do Clube de Montaña Xistra